

*CHRISTIAN
GARCÍA BELLO*

*PONGO MI PIE
DESNUDO EN EL UMBRAL*

Fundación DIDAC

2020

—Mira, a ver se recordas isto.

Levoume a través do corredor ata a sala, ese espazo da casa que en Galicia estaba destinado á contemplación e non ao goce. A estancia estaba dominada por un tresillo intacto, unha xanela con vistas á estrada e un gran aparador de castiñeiro que ocultaba completamente o muro. Abriu unha das súas portiñas acristaladas e sacou con coitado un primitivo coitelo de ferro que debeu permanecer alí ignorado durante décadas.

—Sempre preguntabas por el. Coa de cousas que hai na vitrina e ti só tiñas ollos para este coitelo.

—Pois non o recordo, a verdade.

—É que eras moi cativo, por iso non che deixabamos collelo. Mira canto pesa. Non sei que idade terías, pero o teu pai aínda tiña aquel Ford Orion de cor vermella.

—Non, era un Ford Escort.

Tiña que estar a falar do 90 ou do 91, así que eu tería 4 ou 5 anos. Por aquel entón viaxabamos a miúdo a Camposancos pero facía moito tempo que eu non volvía por alí. Intrigábame o coitelo. Entre a pátina e esa forma tan elemental podería ser de calquera época, pero non había dúbida de que saíra do taller dun ferreiro. O peso estaba equilibrado e era cómodo na man. Un rizo circular no extremo pechaba o mango e permitía colgalo na parede. Preguntábame se sería do meu bisavó, aínda que non imaxinaba para que querería semellante coitelo un xastre.

—Non, non era seu. Atopárono no monte antes de arranxar o castro e regaláronmo. Non recordo ben a historia porque leva xa moitos anos na casa.

—Atopárono en Santa Trega?

—Claro, alá arriba. Quen che pode contar a historia é Tinito, que a coñece ben.

—O tío Tino?

—Non, Tinito. O que estaba onte na barra mentres tomabamos o café. Pregúntalle mañá.

Mentres camiñaba pola beiravía, bordeando a falda do Monte de Santa Trega, imaxinábame a min mesmo trinta anos atrás, coándome

nesa sala co meu metro escaso de altura para mirar a través do vidro do aparador aquel coitelo que esquecera e agora fascinábame de novo. Atopábame ben alí, de volta. O sol pica dunha forma diferente nesa fronteira debuxada polo Miño. Aos poucos, ía deixando atrás O Pasaxe e o porto desde o que partiu o pailebote no que Manuel Antonio escribiu *De catro a catro*. Xa non queda nada daquilo salvo uns cantos peiraos en desuso. Cheguei ao pobo ao mediodía e na praza notábase a trasfega de xente facendo recados. Tinito era un home corpulento que pasaba os días da súa xubilación entre paseos, conversas casuais e tres ou catro bares do centro da Guarda. Nunca charlamos sen estar o meu tío presente, así que pedín unha cervexa e aproveitei o saúdo para preguntarlle directamente polo coitelo. Sorriu coa mirada aínda posta no botelleiro do café Oasis e virouse cara a min cos ollos cargados de morriña.

—Claro, o coitelo de Dirse.

Tinito era un sobriño segundo de Constantino Candeira, fundador de serradoiros, almacéns de cereais, estaleiros e empresas de cabotaxe en Vigo, Camposancos, Pontearas e Salvaterra de Miño. Foi deputado republicano e alcalde da Guarda durante unhas poucas semanas, cargo ao que renunciou por desacordos co Goberno Civil. O que non sabía é que Constantino Candeira tamén fora unha parte fundamental da Sociedade Pro-Monte, impulsando as primeiras escavacións arqueolóxicas no castro de Santa Trega.

—Mira, as primeiras escavacións no monte fixéronse entre 1913 e 1926. O meu tío propuxo esas escavacións porque el intuía que alí había algo de valor. O que non dixo entón é que el xa fixera os seus propios descubrimentos.

Fixo unha pausa para darlle un grollo á súa copa de viño. Fíxoo sen ánimo teatral. Tinito falaba con naturalidade, non tentaba cativarme, máis ben me estaba tenteando, medindo a miña curiosidade xenuína ou se era unha simple forma de acompañar o aperitivo estival.

—O meu tío subía de cando en vez ao monte, á ermida. El e un compañeiro ían facendo camiños e pequenas escavacións nas zonas que poderían ser adecuadas para un asentamento, xa que tiñan localizados algúns petróglifos. Tamén aproveitaban esas excursións para

deseñar e planificar o que hoxe é a estrada que sobe ata o cume. O que sucedeu é que, escavando cunha pequena pa que levaban, atoparon xunto á muralla do castro unha serie de obxectos antigos que non se correspondían coa cultura castrexa.

A cervexa requeñábase na miña man e Tinito baixaba a voz. Segundo me dixo, o primeiro que o señor Candeira sacou da terra aquela mañá en Santa Trega foi o coitelo que me tiña fascinado. E xunto ao coitelo acharon unha caixa que contiña unha serie de apuntamentos, debuxos e breves notas escritas entre flamenco e latín que constituían unha sorte de bitácora de viaxe. Todo aquilo estaba asinado por un nome sen apelido: Dirse. Tinito pronunciaba ese nome con fascinación e agarimo. Despois de ordenar e traducir aquel diario descubriron que Dirse era unha muller de Antuerpen, probablemente unha beguina e que fora condenada en Lieja a facer o Camiño de Santiago.

—Por aquel entón poñíanche condenas así, a peregrinación en soidade como castigo. Vaia sorte.

Coa axuda dun mariñeiro holandés que frecuentaba os mesmos bares do porto que Tinito e unha estudante da Universidade de Santiago que coñecía a súa neta conseguiron traducir a maior parte dos manuscritos de Dirse. O conxunto constituía un diario desordenado no que confluían anécdotas persoais, descrições de elementos arquitectónicos, poemas, versículos da Biblia e estudos de plantas silvestres. E tamén había un gran número de debuxos, intercalados e ás veces superpostos aos textos.

—Descubrimos que era de Antuerpen e que residira un tempo no beguinarío pequeno de Gante, ata que a convidaron a marchar.

—Coñézoo. O beguinarío de Nosa Señora de Ter Hoyen, ao sureste da Catedral de San Bavón. Cando estiven alí puiden facerme con dúas publicacións preciosas dos anos 30 que estaban nunha repisa á entrada da igrexa. Había algunhas copias máis, pero como non sabía se podía levalas, lembro deixar dous billetes de dez euros no seu lugar.

—Non me digas. Meténdote en problemas cos habitantes do beguinarío ti tamén, eh?

—E por que a expulsaron?

—Non teño nin idea. A verdade é que Dirse debía ser todo un carácter. Nos textos podes atopar as mesmas críticas ao Papa de Roma que podería facer Lutero acompañadas de comentarios sarcásticos contra a santurronería gregaria dos protestantes. Era unha individualista convencida e tiña unha idea de Deus e do cristianismo moi persoal, pero que non tentaba impoñerlle a ninguén. Así acabou en Lieja, xulgada e condenada.

—Pero se fixo o Camiño de Santiago como penitencia, por que rematou en Santa Trega?

—Conseguimos ordenar os últimos papeis, os da súa peregrinación, porque eran dunha calidade e un tamaño diferente. Iso facilitounos a tarefa. Ademais, esa parte é moito máis persoal e íntima. Tamén máis escura e amarga. E ía abandonando o latín para escribir unicamente en flamenco. O que cremos, e isto é unha mera conxectura, é que cando entrou en Galicia deuse de conta de que ninguén supervisaba o cumprimento da súa condena e que era libre de camiñar cara a onde quixese, xa que non tiña motivos para volver a Flandes. Si sabemos que pasou por Santiago porque fixo debuxos dalgúns detalles arquitectónicos da cidade, pero tamén estivo en Pontevedra porque tomou apuntamentos da portada da Basílica de Santa María a Maior, na que traballou un flamenco, Cornielles de Holanda. O que ela ansiaba era chegar ao fin da Terra e atoparse co mar, pero camiñou en dirección sur ata que o Miño cortoulle o paso. Supoño que foi aí cando decidiu subir a Santa Trega e establecerse alí.

—E quen ten eses documentos agora?

—Están aínda no centro cultural. Non sabemos que faremos con eles aínda, pero imos agora ata alí, se queres velos. Eu pago isto.

Durante o camiño, aproveitando que Tinito se paraba e saudaba a todo o mundo, eu tentaba ordenar na miña cabeza toda a información que me daba e fantasiaba con que podería facer eu con eses documentos. O meu xesto serio escondía unha sensación aceda que percorría os meus brazos ata o pescozo. Saquei o móbil e enviei unha mensaxe apresurada: «Non como na casa. Estou con Tinito. Logo falamos». Tinito abriu unha porta traseira e entramos.

—Nunca cheguei a devolver a chave. Tampouco ninguén a pediu de volta.

Accedemos a unha sala pequena, cun escritorio e unha persiana que filtraba a luz da xanela. Non parecía un lugar aberto ao público, xa que alí só había unha cunca de café, algún trofeo deportivo e moitas caixas sen etiquetar. Tinito pedíume que collese unha de cor granate mentres el facía sitio na mesa. Entregueilla e sacou dous vasos tallados en madeira e un gran feixe de papeis.

—Os que están en peor estado son os máis antigos. Eu creo que son da época do beguinarío. E estes son os da súa viaxe. Ve mirándoos con coidado, que son delicados. Eu vou ver se podo acender as luces.

Cada folla estaba emparentada cun folio mecanografado que contiña as traducións dos textos. Efectivamente, non había unha orde ou unha xerarquía clara, o que bañaba todo aquilo cun halo de misterio. Parágrafos devecidos mesturábanse con debuxos de diferente natureza. Puiden adiviñar varias paisaxes, resoltos con liñas crebadas e lombas suaves, detalles arquitectónicos como xanelas, impostas, chemineas, nichos e portas de igrexas do Camiño de Santiago, debuxos dos seus instrumentos de viaxe como un cunco, un compás, unha cadea de agrimensor, unha pequena artesa ou un coitelo e, na última etapa, unha serie de diagramas, mapas, escenas relixiosas e esquemas para un refuxio cun carácter ascético e xeométrico e un sabor a pintura metafísica que me cativou. Xunto a estes últimos debuxos atopábanse os textos máis poéticos. Breves versos, palabras e estrofas entre a taciturnidade do místico e o puramente cartesiano e descritivo. Na última páxina do manuscrito unha liña horizontal atravesaba firme o papel de lado a lado e na metade superior estaban escritas en flamenco as seguintes palabras: «Xa están a pisar os nosos pés os teus limiares, Xerusalén». Recoñecín ao instante a cita. Tratábase dun versículo do Salmo 122, o único texto que parecía non ser da autoría de Dirse.

—Podo levar isto para estudialo esta noite?

—Non, non pode saír desta habitación. Fotografía o que queiras, pero non o podes levar, síntoo.

Saquei fotos de todo mentres me tremía o pulso. Fixen o que puiden coa pouca luz que había e ademais percibín que Tinito tiña

que se marchar. Recollemos todo na orde correcta, pechamos a caixa e volvína deixar no estante. Saímos pola porta traseira e dixen que había que facer algo con todo iso, que era unha historia demasiado interesante como para estar nunha caixa, esperando a ser devorada polos lepismas.

—Ben, xa veremos. Non depende só de min.

Despedínme de Tinito e dobrei a estrada de volta a Camposancos. Botárasenos a tarde encima pero eu xa non tiña fame. A calor xa debuxara en suor a forma da miña mochila sobre a camisa para cando entrei pola porta de casa

—Comiches? Prepároche algo?

—Si, si, xa comín, non te preocupes.

—Seguro? Mira que aínda quedan boliños quentes.

—Si, non te preocupes. Veño coller as cousas para darme un baño no río.

—Fas ben, hai que bañarse sempre. Que che contou Tinito?

—A historia de Dirse. Levoume ver uns escritos seus que atoparon co coitelo da sala. Ti chegaches a velos?

—Non, eu non. Xa che dixen que el coñecía ben a historia. A min sempre me pareceu que facía como se atopasen algo importante, pero a min non me interesan eses contos.

—Ben. Volvo pola noite, vale?

Saín da casa cara á praia de O Muiño. A esas horas aínda non había demasiada xente. Algúns terminaban a súa sobremesa no hotel e outros refuxiábanse na sombra. A calor era como unha labazada. Deixei a miña mochila na area incandescente, cubrina coa miña camisa, gardei o móbil dentro da miña zapatilla dereita e funme á auga. Dá igual a época do ano, o Miño sempre está xeado na súa desembocadura. Esa temperatura tan baixa provocábame unha sensación de doce cansazo de forma instantánea. Nese estado imaxinei que Dirse tamén se metera nestas augas mentres vivía no seu refuxio en Santa Trega, xunto ao castro. E seguro que ela tamén convertera o baño en algo ritual, coma se fose un bautismo diario ou unha comunión entre o corpo e a corrente que a empuxaba ao poñente, ao final da terra.

D I
D A
C

Christian García Bello
Pongo mi pie desnudo en el umbral

Comisariado: David Barro

12 setembro — 27 novembro, 2020

Fundación DIDAC
DARDO Instituto do Deseño
e das Artes Contemporáneas

Pérez Costanti, 12
15702 Santiago de Compostela
T. 34 881 018 893
info@didac.gal
www.didac.gal



PLA TA
MA FOR